



OURIVERÍA TRADICIONAL NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

(Do 17 de setembro ao 15 de novembro de 2009)

A exposición de xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo, que hoxe por primeira vez se presenta ao público está composta por cincocentas cincuenta e catro pezas datadas entre o século XVI e ben entrado o pasado século XX e que foron clasificadas en dous grandes grupos: o primeiro deles dedicado á ourivería devocional no que destaca un rico conxunto de relicarios, barrocos a maioría deles, ainda que tamén hai escapularios, medallas, cruces ou adornos de hábito; o segundo gran conxunto está subdividido en oito apartados, sendo o máis numeroso o formado polas xoias de loito, feitas en acibeche e nun material industrial que o imita chamado ebonita. Amósanse, así mesmo, broches, entre os que son dignos de salientar os chamados sapos, intimamente ligados á nosa indumentaria, pendentes, pendentifs, pulseiras, xoias de pechar, e tamén bolsiños, peitas, forcas ou agullas para o cabelo.

O primeiro asentamento no Libro de rexistro do museo dun obxecto deste conxunto faise o 12 de xullo do ano 1934, sendo o derradeiro o 30 de decembro de 1953. Predominan as adquisicións, ainda que non se poden esquecer importantes doazóns levadas a cabo tanto por coñecidos benefactores do museo como D. Gonzalo Gayoso Carreira, D. José Fernández López, D. Álvaro Gil Varela, D. Juan López Suárez, D. Manuel e D.^a Leonor Vázquez Seijas, D. Luis Gómez Pacios, D.^a María López Martí, as familias Pardo e Pardo Reguera como por particulares como D. José García Cascudo, D. Manuel Palmeiro Arribas, D. Jesús Vázquez Saco, D. Ramón García Abuín, D.^a Amadora Sánchez Romero ou D.^a Araceli González de Pujol.

O traballo que agora se presenta nesta exposición temporal, logo dun alongado período dedicado á documentación, centrouse no estudo pormenorizado de cada peza, dándolle prioridade á análise iconográfica, á procedencia da peza, á cronoloxía e, por último, á súa descripción.

Esperamos que esta exposición contribúa a coñecer un pouco máis os fondos deste museo, dedicado neste caso a unha parte esencial da indumentaria como é a da ourivería e que, pouco a pouco, as artes decorativas vaian acadando o lugar que merecen e que lles foi negado noutras épocas.

M.^a del Rosario Fernández González
Departamento de Artes Decorativas e Etnografía
Comisaria da exposición



Cruz de espiguete
S. XVI
6 x 5 cm



Cravío
S. XX
9 x 4,5 cm

ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS

ACTO DE INAUGURACIÓN

17 de setembro, ás 20:00 horas

Intervencións:

Antón Bao, vicepresidente da Deputación de Lugo

Aurelia Balseiro, directora do MPL

M.ª del Rosario Fernández González, comisaria da mostra

Acompañamento musical a cargo da violinista

Ana M.ª Martínez

VISITAS COMENTADAS PARA O PÚBLICO EN XERAL

a cargo da comisaria da mostra

Martes, 22 de setembro ás 19:30 horas

Martes, 20 de outubro ás 19:30 horas

Martes, 10 de novembro ás 19:30 horas

VISITAS GUIADAS PARA GRUPOS ESCOLARES

Visitas guiadas para grupos de E. Primario, ESO, BAC e Ciclos, complementada cunha Unidade Didáctica

É imprescindible a concertación previa a través do Departamento de Didáctica do MPL, tfno.: 982 24 23 00

Máis información en www.museolugo.org

OBRADOIROS

A maxia dos ourives

Obradoiro de creación artística a cargo de **Laura Fernández Morán**

- Entre os 5 e os 8 anos. Datas: 19, 26 de setembro, e 17 de outubro

- Entre os 9 e os 13 anos. Datas: 24, 31 de outubro, e 14 de novembro

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Limitados a 10 participantes por quenda, con inscrición previa e independente para cada data no Departamento de Didáctica do MPL, tfno.: 982 24 23 00

O museo invítate a...

Adornos para agradar, para gustar...

Obradoiro creativo e divertido arredor do traballo dos ourives a cargo de **Laura Fernández Morán**

Sábado, 7 de novembro, ás 12:30 horas

Actividade aberta a todas as idades, sen inscrición previa

VÍDEO-DOCUMENTAL

A ourivería na pintura e na fotografía

Selección de **Lucía Picado** e montaxe de **Laura Pernás**

Duración: 20'. Proxección permanente na mesma Sala de Exposicións

>
medallón relicario
«de chamas»
1º 1/4 s. XVII
8 x 6,5 cm



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO